

O Museo Do Castro De Viladonga no confinamento debido á pandemia do Covid-19

Desde que se fixeron públicos a Resolución do 13 de marzo de 2020, pola que se da publicidade ó Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia do covid19, o Museo do Castro de Viladonga e o Conxunto Etnográfico das pallozas do Cebreiro tiveron que pechar ó público e suspender todas as visitas e actividades programadas.

Esta situación obrigou ós museos e ás institucións que os coordinan a buscar nas tecnoloxías e ferramentas de comunicación das redes sociais os medios que permitiran seguir ofrecendo e achegando, de maneira virtual, as coleccións que custodian e a información e as actividades que se presentaban, de xeito presencial, ós usuarios dos centros museísticos.

Neste marco xurdiu na Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a utilización do cancelo **#aculturasegue** para axudar a localizar, clasificar e dar visibilidade ós contidos culturais que se xerasen dende as institucións culturais galegas, e ó que se uniron deseguida os museos adscritos á Dirección Xeral de Políticas Culturais. Ese cancelo constitúe unha ferramenta de difusión das actividades dos museos no Facebook, para dar presenza ós traballos que habitualmente se desenvolven neles relativos á documentación, investigación, conservación, restauración, exposición e difusión dos fondos que custodian, no caso do Museo do Casto de Viladonga; isto amplíase asemade ó Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro, do que leva a tutela técnica e ó almacén externo de fondos procedentes das escavacións arqueolóxicas de Lugo e provincia.

Cada unha das mencionadas áreas do museo tratou de dar a coñecer o contido do seu traballo, de tal xeito que a área de documentación e conservación foi presentando de maneira individualizada pezas expostas ou custodiadas e casos concretos de restauración dalgunhas delas

Polo que respecta ó traballo didáctico convidouse ós adultos que seguían o facebook do museo a facer participar ós seus fillos en diferentes proxectos: dedicouse un día á semana á publicación de material que puidera ser útil ós adultos para, dunha maneira lúdica, acercar a historia do castro de Viladonga ós nenos e nenas; isto foi posible adaptando o material usado nas actividades do museo para poder compartilo nas redes sociais, foi o caso do conto "Aventura no castro de Viladonga" do que se fixo unha gravación caseira (o persoal do museo xa estaba confinado e teletraballando desde os propios domicilios) con voz en off, ou das actividades manuais propostas, como recortables ou láminas para colorear. Doutra banda, dado que entre os meses de marzo e xuño unha das actividades que habitualmente mobiliza máis recursos do museo é a atención ós numerosos grupos escolares que visitan o museo e o castro e ós que se lles ofrece a realización de obradoiros (de arqueoloxía, cerámica e numismática), unidades didácticas deseñadas polo departamento de difusión para os diferentes niveles educativos e visitas teatralizadas que, dun xeito máis lúdico explican a historia do xacemento, tratouse de ofrecer estas mesmas actividades de maneira virtual a través da páxina web e do facebook do museo.

En canto ós traballos arqueolóxicos levados a cabo no castro, compartiuse material audiovisual sobre diferentes campañas de escavación, así como enlaces ó blog elaborado pola empresa Terra Arqueos que está desenvolvendo os traballos arqueolóxicos nos últimos anos. Desde un punto de vista máis artístico preparouse unha montaxe fotográfica con imaxes do castro en diferentes épocas do ano e circunstancias climatolóxicas que amosan a gran variedade cromática e a beleza paisaxística deste xacemento.

Prestouse atención tamén ás celebracións programadas que houbo que cancelar, nomeadamente o Día Internacional e a Noite dos Museos e o Día das Letras Galegas.

En canto á celebración o 18 de maio do Día Internacional dos Museos 2020, dende o ICOM animouse á participación co uso do cancelo #DIM2020. O obxectivo deste ano, baixo o lema “Museos pola igualdade: diversidade e inclusión”, era converter estes centros en “punto de encontro para celebrar a diversidade de perspectivas que conforman as comunidades e o persoal dos museos, así como promover ferramentas para identificar e superar os prexuízos no que os museos mostran e nas historias que contan”. Unha das invitacións para a participación era a inclusión dos diferentes centros nun mapa interactivo mundial onde se recollía toda a información sobre os mesmos e os eventos e/ou actividades que se estaban desenvolvendo neles, así como a proposta de adaptación de cada museo nun póster deseñado para o dito DIM 2020; propostas ás que se sumou o Museo do Castro de Viladonga.

Tamén en relación co Día Internacional dos Museos celebrouse a nivel mundial, a *Museum Week* co lema *Tod@s unid@s*, que cobrou “especial relevancia na situación de emerxencia sanitaria que vivimos”. Esta 7ª edición da *Museum Week 2020* contou con 7 cancelos repartidos nos 7 días de duración previos á celebración do Día Internacional dos Museos. Sete temas propostos para este ano (#HéroesMW, #CulturaEnCuarentenaMW, #Juntos MW, #MomentosMuseoMW, #ClimaMW, #TecnologíaMW, #SueñosMW) que o Museo do Castro de Viladonga adaptou con propostas que relacionaron eses temas co castro e o museo, como, por exemplo, a referencia á emerxencia climática (#ClimaMW) coa que recordabamos a necesidade de protexer a biodiversidade que o castro de Viladonga ten no seu recinto amurallado.

Prestouse atención tamén a outros temas de interese como os referidos ó patrimonio natural da Terra Chá, a celebracións como o Equinoccio de Primavera, o Día Mundial da Poesía, o Día do Libro ou o Día Internacional dos Monumentos e Sitios e tamén a actividades de colaboración con outras entidades como a contribución ó desenvolvemento do espectáculo musical “Somos iguais somos diferentes”, do IES de Castro de Ribeira de Lea, en colaboración cos de Rábade e Baralla.



Cancelo



Mapa interactivo do ICOM



Póster do Día Internacional dos Museos

